

CIRCULAR INFORMATIVA

Para as PAU 2026 manteranse o programa de contidos, o modelo de exame e os criterios de valoración utilizados no ano anterior. Así pois, tal como se pode ver no modelo de exame publicado na páxina web da CIUG, a proba constará de catro preguntas obrigatorias, as dúas primeiras con resposta única e as dúas restantes con posibilidade de elección entre dous apartados.

PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (5 puntos)

Proporase un texto para traducir de entre 3/4 liñas en letra de tamaño 12 puntos. Este texto extraerase dunha selección que se publicará na web da CIUG e que conterá textos de Apolodoro e de Xenofonte.

Nesta proba poderase utilizar un dicionario de grego, incluíndo o apéndice gramatical que poida levar anexo ese dicionario como parte orixinal e inseparable do conxunto; non estará, pois, permitido ningún caderno solto nin ningún engadido ao dicionario que non sexa orixinal.

Para demostrar que o texto se comprende, o alumno poderá optar por:

a) Traducir o texto

Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa e equivalente na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

b) Responder en grego cinco cuestións que se propoñan sobre o texto.

- As preguntas deben ser respondidas con frases completas. De non ser así, aínda que as respostas sexan correctas, serán penalizadas.
- A orde de palabras e de sintagmas na resposta será a que o alumnado considere máis conveniente.
- A forma da resposta debe corresponder coa da pregunta e non coa do texto. Por exemplo, se no texto o verbo está en imperfecto, pero na pregunta está en presente, hai que

responder en presente. Hai que evitar que o alumnado responda copiando literalmente unha parte do texto dado.

- O alumnado pode utilizar tamén sinónimos ou construcións que non estean no texto sempre que sexan congruentes e demostren a comprensión.
- A resposta debe utilizar unicamente información do texto.
- Non se penalizarán erros de acentuación
- Os erros gramaticais serán penalizados só se dificultan a comprensión ou faltan gravemente á concordancia.
- As preguntas teñen distintos niveis de dificultade. Cada unha valorarase con **1 punto**.

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (1 punto)

Pídese a análise morfolóxica e sintáctica dunha parte do texto. Poderá empregarse calquera método de análise que sexa correcto.

Análise morfolóxica. Debe ser completa. Por exemplo, nun sustantivo deberá indicarse número e caso; nun adxectivo xénero, número e caso, nun verbo, persoa, número, tempo, modo e voz.

Análise sintáctica. Haberá que identificar tipo de oración: principal ou subordinada e tipo de subordinada. Elementos integrantes da oración (suxeito, predicado, complemento directo, indirecto, circunstancial, predicativo...). Se algún destes elementos está constituído por máis dunha palabra, deberán ser analizados os seus elementos constitutivos.

PREGUNTA 3. GREGO E PLURILINGÜISMO. (2 puntos)

Propóñense seis palabras gregas coa súa tradución, que se extraerán da escolma que se publicada na páxina da CIUG. O alumnado terá que **elexir catro e citar e explicar dous exemplos de vocabulario actual relacionados con cada unha delas**. Por tanto, para acadar a máxima puntuación non abonda só con citar.

PREGUNTA 4. A LITERATURA GREGA NOS SEUS TEXTOS. LECTURAS. (2 puntos)

Propóñense dúas preguntas das que o alumno deberá elexir unha. As preguntas están relacionadas co contido das lecturas obrigatorias, que son as seguintes:

Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22

Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e

Anacreonte Sófocles, *Edipo Rei*

Aristófanes, *Asamblea de mulleres*

Santiago de Compostela, setembro de 2025

M^a Teresa Amado Rodríguez

Directora do grupo de traballo